DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 145 | Martes, 31 de xullo de 2018 | Páx. 35482

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*RESOLUCIÓN do 18 de xullo de 2018 pola que se dá publicidade dunha encomenda de xestión á Axencia Galega de Infraestruturas para acometer a execución das obras de construción do novo centro de saúde do Saviñao.*

De conformidade co previsto no artigo 9 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, dáse publicidade á resolución da Presidencia do organismo autónomo Servizo Galego de Saúde, do 18 de xullo de 2018, pola que se encomenda á Axencia Galega de Infraestruturas a xestión das actuacións para acometer a execución das obras de construción do novo centro de saúde do Saviñao (Lugo).

– Actividade: encargar á Axencia Galega de Infraestruturas a xestión das actuacións para acometer a execución das obras de construción do novo centro de saúde do Saviñao, estando a dirección da obra contratada polo Servizo Galego de Saúde.

– Natureza e alcance da xestión encomendada: o encargo ten natureza intersubxectiva, ao ter a Axencia Galega de Infraestruturas a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto nos artigos 47 e 48 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

– Prazo de vixencia: desde o día seguinte ao da sinatura da encomenda, ata a data de finalización do prazo de garantía das obras.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2018

Jesús Vázquez Almuíña
Presidente do Servizo Galego de Saúde

CVE-DOG: wwdpe1b6-gbd3-2q50-ui16-fuoouskosiu1